



Vigo, 4 de xuño de 2019

Estimados pais/nais:

Enviámoslles as instrucións para o encargo dos libros de texto e material no colexio, a ficha de inscrición do curso 2019-2020, o impreso para encargar o material de ed. primaria e o impreso para comedor e aula matinal.

**** INSTRUCCIÓNS PARA O ENCARGO DE LIBROS DE TEXTO DO CURSO 2018-2019:**

- Pódense encargar todos ou só parte deles. A data límite para a cancelación ou modificación do pedido é o 30 de xuño, agás os alumnos de secundaria con materias pendentes para setembro.
- O impreso que se achega ten que ser devolto, debidamente cuberto e sen cortar, ao TITOR correspondente, **NON EN SECRETARÍA** ata o 14 de xuño. As solicitudes das alumnas de secundaria con máis de dúas materias pendentes en xuño, así como as que se entreguen fóra de prazo de calquera etapa, non serán cursadas ata o mes de setembro.
- As axudas para material e libros teñen que ser tramitadas independentemente segundo o anexo que se pode presentar na páxina web da Consellería.
- As familias que encarguen os libros no colexio terán que recollelos os días 3 e 4 de setembro de 9,30 a 13,00 horas (educación infantil, primaria e secundaria) e o día 5 de setembro de 8,45 a 10,15 horas (só educación secundaria con materias pendentes).
- Aos alumnos de secundaria que soliciten fondo de libros entregaráselle nas datas indicadas no punto anterior só os cadernos, lecturas e/ou material á espera da resolución da Consellería sobre a adjudicación de libros de fondo.
- Os libros de fondo de Ed. Primaria serán entregados os días 3 e 4 de setembro de 9,30 a 13,00 horas. Os de secundaria, entregaranse os primeiros días de clase.
- Para calquera reclamación será imprescindible a presentación do resgardo selado polo centro.
- É imprescindible entregar o cheque da axuda da Consellería (en caso de tela solicitado) debidamente cuberto e asinado pola persoa que solicita a axuda no momento de recoller os libros. Os cheques poderán recollese en Secretaría os días 27 e 28 de xuño de 9,30 a 13,00 horas ou ben nos primeiros días do mes de setembro.
- O importe dos libros será abonado polas familias a través do banco no mes de outubro ou nos de outubro, novembro e decembro se escollen facelo en tres prazos.

Ante calquera dúbida sobre os libros de texto, poden poñerse en contacto con: Casi, Adela, María Mayo, Nuria ou María Gómez.

**** INSTRUCCIÓNS PARA O ENCARGO DO MATERIAL DE ED. PRIMARIA DO CURSO 2018-2019:**

- En caso de encargar o material no centro, debe entregar cuberto o impreso que lles remitimos con esta circular antes do 22 de xuño (preferiblemente) ou a principios de setembro. (agás 1º EP)
- Os listados de material por curso estarán dispoñibles na páxina web do centro (www.colexioalborada.es no apartado Educación – Libros de texto") a partires da última semana de xuño.

**** FICHA DE INSCRICIÓN 2019-20:**

- Debe entregarse debidamente cumprimentada con todos os datos, a firma e a sinatura do pai/nai antes do día 20 de xuño.
- A ficha entregarase ao TITOR correspondente.